

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA COMARCA DE FERROL E A ASOCIACIÓN FERROLÁ DE DROGODEPENDENCIAS (ASFEDRO) PARA A XESTIÓN DA REINSERCIÓN DE RECLUSOS DROGODEPENDENTES.

Na Casa do Concello de Ferrol, na data da sinatura electrónica

Dunha parte: D. JOSÉ MANUEL REY VARELA, DNI 32674975W, presidente da Mancomunidad de Concellos da Comarca de Ferrol (CIF P1500002I).

Da outra, D^a. ROSARIO ALABAU ALBORS, DNI 19499967S, presidenta da Asociación Ferrolá de Drogodependencias (ASFEDRO) (CIF G15072010).

Da fe do acto D. Jorge Eduardo Rodríguez Fernández, secretario xeral desta Mancomunidad.

Ambos actúan coa representación que legal e regulamentariamente teñen conseguida e en base ao interese público e social da actividade a realizar.

EXPOÑEN

Un dos problemas principais da drogodependencia é o problema xudicial. O 70% das persoas que se atopan en prisión teñen problema relacionados coas drogas, presentando grandes variacións entre prisións, centros de detención e países. Outros teñen medidas de suspensión de condena, liberdade vixiada, liberdade condicional, etc.

Pódese dicir que, para unha grande parte da poboación en situación de exclusión social e, polo tanto, vulnerable a un bo número de enfermidades que tradicionalmente se asocian a situacións de vulnerabilidade social, o sistema penitenciario é o principal dispositivo asistencial e porta de entrada á asistencia pública.

A Estrategia Nacional sobre Drogas 2017-2024 enmárcase dentro das políticas de saúde pública destacando como principios reitores a equidade, a intersectorialidade e interdisciplinidade. Así mesmo, resalta como poboación diana das intervencións preventivas e asistenciais os colectivos en situación de especial vulnerabilidade, entre os que se atopan as poboacións con problemas xurídicos penais.

Na maioría de estudos realizados na Unión Europea, a prevalencia de vida do consumo de drogas na poboación encarcerada é superior ao 50 %; con todo, presenta grandes variacións entre prisións, centros de detención e países.

A maioría dos países estableceron réximes de colaboración interinstitucional entre os servizos de sanidade dos establecementos penais e os de carácter xeral presentes na comunidade. Esta colaboración garante as intervencións de educación sanitaria e de tratamento nos centros penais e a continuidade da asistencia ao entrar e saír deles. En España o sistema sanitario penal ha de complementarse cos servizos dispoñibles nas CCAA e cos ofrecidos polo Terceiro Sector especializado en drogodependencias.

Na súa experiencia de todos estes anos traballando con Institucións penais, ASFEDRO ten confirmado que se deben ofrecer diversos tratamentos ás persoas privadas de liberdade con adiccións segundo as súas necesidades, pero tamén nos ensinou que o mellor trato é aquel que culmina o proceso en liberdade, en ambientes estritamente terapéuticos. Por iso, o período no que o condenado estea en terceiro grao ou en liberdade condicional e aínda está sometido a control penitenciario, é clave para avanzar e completar os procesos de incorporación social sen drogas nin delincuencia, desde un entorno normalizado e máis axeitado que a ofrecida polo réxime penitenciario pechado para estes efectos.

Por todo o exposto, considérase fundamental desenvolver un programa dirixido a drogodependentes que se atopen en réxime pechado, en semiliberdade e/ou liberdade condicional, co obxectivo de realizar unha intervención especializada e integral para a súa incorporación definitiva e pacífica á sociedade, para que se adapten a vivir en liberdade sen supoñer un problema para a sociedade. Nesta fase do tratamento penitenciario, a adhesión aos

tratamentos de deshabitación, o impacto nas dificultades e riscos asociados ao consumo de drogas e a prevención de recaídas son moi importantes para fortalecer os procesos terapéuticos acadados e lograr o abandono da traxectoria criminal.

ASFEDRO conta coa experiencia suficiente e os recursos necesarios para ofrecer tratamentos alternativos, desde contornas normalizadas e terapéuticas a aquelas persoas que son drogodependentes e que necesitan apoio e acompañamento no seu proceso de incorporación social. **Na comarca de Ferrolterra non existe ningún recurso público ou privado que ofrezca tratamentos asistenciais ás persoas drogodependentes que se atopan en prisión, en semiliberdade ou en liberdade condicional.**

Este ano a entidade engade, ademáis do que se levaba a cabo sobre alternativas ao cumprimento das penas e vixilancia das drogodependencias con medidas xudiciais, dous programas específicos, un dirixido a persoas con drogodependencias e problemas de saúde mental (patoloxía dual) e outro sobre redución de danos, dirixido a persoas con consumo activo en prisión. Os tres programas preséntanse de forma independente e estarán coordinados co Centro Penitenciario de Teixeiro e o Centro de Integración Social (CIS) “Carmela Arias y Díaz de Rábago” da Coruña, así como co Servizo de Saúde Mental (Subdirección Xeral de Atención Primaria – Dirección xeral de Asistencia Sanitaria) e co Servizo de Saúde Mental de Ferrol.

ASFEDRO desenvolve desde hai máis de 20 anos un programa de intervención en centro penal no cárcere de Teixeiro e colabora coa implantación de medidas alternativas ao encarceramento para persoas en terceiro grao penal e liberdade condicional co Centro de Inserción Social da Coruña.

Estas actividades favorecen a continuidade terapéutica dos tratamentos de adiccións no medio penal e a motivación dos usuarios dos mesmos para cumprir as condicións para obter beneficios penitenciarios (ausencia de partes disciplinarios, adaptación ao medio penal, adhesión aos programas de tratamento, resarcimento das vítimas, etc.).

Cando un usuario alcanza a clasificación de terceiro grao penal por decisión da Xunta de Tratamento, incorpórase a un programa de seguimento en ASFEDRO ben en réxime ambulatorio, residencial (Comunidade Terapéutica) ou semirresidencial (Unidade de día) que implica a coordinación continuada con Institucións penais para a monitorización da evolución da persoa usuaria.

Esta intervención intensiva repercute na calidade de vida do usuario (que accede a medidas de tratamento médico e psicosocial e a actividades de formación e inserción), o que favorece a normalización do seu estilo de vida e a súa integración familiar, laboral e social.

Así mesmo, incorpórase como unha demanda realizada expresamente polo centro penitenciario un grupo de prevención da sobredose.

Esta intervención repercute na contorna do usuario reducindo o risco de recaída no consumo de drogas e de reincidencia na conduta delituosa producindo un beneficio para o conxunto da sociedade (redución de taxa de delincuencia, de reingreso en prisión, de uso de servizos policiais, xudiciais ou sanitarios, etc.).

E ACORDAN

Asinar o presente convenio de colaboración, comprometéndose a respectar mutuamente as seguintes

CLÁUSULAS

1ª.-Obxecto do convenio

O obxecto do presente convenio é acordar a colaboración entre a Mancomunidad de Concellos da Comarca de Ferrol e a Asociación Ferrolá de Drogodependencias (ASFEDRO) para o desenvolvemento dun 'Programa de intervención e acompañamento con drogodependentes con medidas xudiciais', nos termos da memoria do proxecto.

A concesión desta subvención faise de forma directa por levar razóns de interese público e social, non procedendo realizar convocatoria pública segundo o disposto no artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, xeral de subvencións; regulada polo Real Decreto 887/2006 de 21 de xullo (Regulamento que desenvolve a Lei 38/2003 Xeral de Subvencións).

A actuación das contrapartes fundaméntase nas seguintes competencias:

- O artigo 3º dos estatutos de ASFEDRO establece:

“Artigo 3. A existencia desta Asociación ten como fins intentar significar a grave complexidade da droga, propónse dentro do ámbito espacial estatutariamente sinalado, o fundamental e indeclinable fin da defensa e protección do individuo e da colectividade ante o consumo, promoción e emprego das drogas tóxicas, estupefacientes e análogos. Neste sentido, canalizará a súa actuación a través de:

 1. A toma de conciencia colectiva e individual sobre o dano xerado polo emprego e uso destas sustancias.
 2. A creación de módulos e institucións que operen na defensa social fronte ás drogas, desenvolvendo actividades particulares nos campos preventivo, asistencial (médico, xurídico, farmacolóxico ou doutra índole), epidemiolóxico e de incorporación socio-laboral.
 3. A colaboración e asesoramento, se a elo dera lugar, cos organismos públicos e privados, que garden relación co problema das drogas:
 4. A realización de calquera outras actividades que tendan posibiliten o fin básico do Ente que se crea.”
- O artigo 4º dos estatutos da Mancomunidad de Concellos da Comarca de Ferrol sinala:

“Artigo 4º.-Finalidades.

 1. A Mancomunidad terá como fins o desenvolvemento das competencias locais en materia de:[...] f) Sanidade e consumo. g) Servizos sociais. [...] n) O establecemento de calquera outro servizo que redunde en beneficio dos distintos concellos mancomunados, sempre que así o acorde o Pleno da Mancomunidad por maioría absoluta dos seus membros.
 2. Para a realización dos ditos fins, a Mancomunidad terá plena competencia, e os acordos e resolucións que adopten os seus órganos de goberno obrigaran tanto os concellos asociados como as persoas físicas e xurídicas as que poidan afectar.
 3. A Mancomunidad, como entidade local recoñecida pola lei, poderá exercer tódalas potestades que lles sexan conferidas pola lexislación da Xunta de Galicia ás entidades destas características para o cumprimento das súas finalidades. [...]”
- Artigo 25 letras “e” e “j” da Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local.

2ª.- Período de vixencia

O período de vixencia deste convenio abranguerá as actividades desenvolvidas ao longo do ano 2025.

3ª.- Contribución da Mancomunidade

A Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol contribuirá coa cantidade de **15.000,00 euros** en concepto de colaboración para o financiamento das actividades obxecto deste convenio.

O aboamento da contribución da Mancomunidade será realizado na conta bancaria de ABANCA número ES48 2080 5206 0630 4001 3105 de ASFEDRO.

4ª.- Relacións laborais con terceiras persoas

Se ASFEDRO tivese necesidade de contratar os servizos de terceiras persoas ou entidades para realizar as actividades obxecto deste convenio, deberá observar estritamente as obrigas que aos empresarios ou empregadores impoña a lexislación vixente en materia laboral, de Seguridade e Hixiene no Traballo.

A Mancomunidade non manterá relación laboral algunha coas persoas que a ASFEDRO puidese contratar nin asumirá responsabilidades de ningún tipo polo incumprimento no que ASFEDRO puidese incorrer respecto ás obrigas sinaladas no parágrafo precedente.

5ª.- Forma de pago

O aboamento da contribución da Mancomunidade a este Convenio realizarase trala xustificación dos gastos realizados. O prazo para a presentación da xustificación do convenio rematará o 31/12/2025.

De conformidade co establecido no artigo 31.6 da Lei 9/2007 poderán realizarse pagamentos a conta. Os devanditos pagamentos a conta poderán supoñer a realización de pagamentos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, e aboaranse por contía equivalente á xustificación presentada.

De conformidade co establecido nas Bases de Execución do Orzamento, as xustificacións parciais deberán cumprir as seguintes condicións:

- Non poderán realizarse por importe inferior ao 25% da subvención concedida.

- Son a conta da xustificación final. A xustificación final non poderá ser inferior ao 15% da subvención concedida.

De conformidade co disposto nos artigos 72 e 73 do Real Decreto 887/2006 e nas Bases de Execución do Orzamento, esta xustificación deberá contar coa seguinte documentación:

- Unha memoria de actuacións xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas. (No caso de xustificación parcial, deberá achegarse unha memoria da actividade realizada ata a data da xustificación parcial).

- Facturas orixinais polo importe total da subvención concedida. Poderase xustificar con copias compulsadas sempre que previamente se inclúa no orixinal a seguinte dilixencia, asinada polo responsable: "Dilixencia: En cumprimento da Lei 38/03 esta factura foi utilizada como xustificante do gasto para a obtención da subvención da Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferroldo ano ...".

- Xustificantes de pagamento das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa. (No caso de pagamento por transferencia bancaria: xustificante bancario; no caso do pagamento por cheque: extracto bancario e copia da matriz do talón; no caso de transferencia electrónica xustificante impreso).

—Relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión, e no seu caso a data de pagamento, de acordo co artigo 75 do R.D. 887/2006 do Regulamento da Lei 38/2003 xeral de subvencións.

—Declaración xurada sobre a obtención de axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración pública ou de particulares ou de entidades privadas.

—Designación da conta bancaria na que se efectuarán os ingresos, segundo as normas establecidas pola Tesourería da Mancomunidad.

—Certificación de estar ao corrente no cumprimento das obrigas de carácter tributario, da Seguridade Social e dos tributos municipais.

— No caso de que a subvención se destine a financiar unha obra de máis de 40.000,00 € sen IVE ou unha subministración ou servizo de máis de 15.000,00 € sen IVE teranse que achegar tres orzamentos, agás as excepcións do artigo 31.3 da LXS.

6ª.- Carácter limitativo da axuda da Mancomunidad

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta subvención, ou en todo caso, a obtención concorrente das subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións públicas, particulares ou entidades privadas, poderán dar lugar á modificación da resolución da concesión.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas, particulares ou de entidades privadas, supere o custo da actividade a desenvolver.

A subvención da Mancomunidad é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Asociación Ferrolá de Drogodependencias (ASFEDRO) obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente coa subvención da Mancomunidad, non supere en ningún caso o importe total do gastos efectivamente xustificado

No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega da Mancomunidad no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao parágrafo anterior.

7ª.- Obrigas de ASFEDRO

Ademais das que resulten do presente convenio serán obrigas específicas da entidade:

a) Acreditar estar ao corrente das obrigas fiscais e de seguridade social e declaración de non estar incurso nos supostos de prohibición do artigo 13 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e 11.e) da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

b) Realizar a actividade que fundamenta a subvención.

c) Acreditar ante a Mancomunidad a realización das actividades, así como o cumprimento dos requisitos ou condicións que determinen a concesión ou aproveitamento da axuda.

d) O sometemento ás actuacións de comprobación a efectuar pola Mancomunidad ou ás de control financeiro que correspondan á Intervención da Mancomunidad en relación coa subvención concedida.

e) Comunicar á Mancomunidad a obtención de axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración pública ou de particulares ou de entidades privadas.

f) Facilitar canta información sexa requirida polo Tribunal de Contas ou ben do Consello de Contas de Galicia.

g) De executarse a cartellaría obxecto deste convenio deberá figurar o anagrama da Mancomunidad de Concellos da Comarca de Ferrol e a frase "Colabora a Mancomunidad de Concellos da Comarca de Ferrol"; así como como en calquera anuncio ou nota de prensa, calquera que sexa o medio.

8ª.-Reintegro das cantidades concedidas

Procederá o reintegro á Mancomunidad das cantidades percibidas ou a esixencia de intereses de demora dende o pagamento da subvención nos casos seguintes:

- a) Incumprimento da obriga da xustificación.
- b) Incumprimento da finalidade pola que a subvención foi concedida.
- c) Falseamento dos datos.
- d) Aplicación de cantidades recibidas para fins diferentes dos previstos no presente convenio.

9ª.-Autorización administrativa

Irá a cargo de ASFEDRO calquera tipo de autorización que deba obter das administracións competentes, para a realización das actividades obxecto do convenio, sendo a única responsable do seu cumprimento.

10ª.- Natureza do convenio e mecanismo de seguimento

Este convenio ten natureza xurídico-administrativa, quedando facultada a Mancomunidad para interpretar as súas cláusulas e resolver as diverxencias que puideren acaecer, así como sobre as dúbidas ou calquera outra incidencia que se derive do cumprimento do disposto no presente convenio.

No prazo de 30 días hábiles a partir da data de sinatura do presente convenio constituirase unha Comisión de Seguimento, que será o órgano de planificación, seguimento e avaliación das accións derivadas do convenio e entenderá e resolverá todas as cuestións relacionadas co mesmo. A Comisión de Seguimento reunirse sempre que o solicite unha das partes e, polo menos, unha vez ao ano.

Por parte de ASFEDRO, os membros da Comisión de Seguimento serán:

- A presidenta de ASFEDRO, ou persoa en quen delegue.
- A xerente de ASFEDRO.

Por parte da Mancomunidad, os membros da Comisión de Seguimento serán:

- O presidente da Mancomunidad, ou persoa en quen delegue.
- O xerente da Mancomunidad.

11ª.- Rescisión

Será motivo de rescisión do presente Convenio o incumprimento das súas cláusulas, mediante denuncia de calquera das partes.

12ª.- Uso da lingua galega.

A publicidade en prensa, radio, calquera medio de comunicación, así como carteis, folletos, notas de prensa, etc. estarán redactados en lingua galega.

13ª.- Réxime de publicidade

A presente subvención nominativa será rexistrada na Base de Datos Nacional de Subvencións en cumprimento dos artigos 18 e 20 da LXS referidos á información sobre a xestión de subvencións a través dunha base de datos nacional, desenvolvido no RD 887/2006 (art. 35-36-37)

14ª.- Normativa aplicable e protección de datos

Esta subvención axustarase ao establecido na seguinte normativa: Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral Subvencións; Lei 9/2007 de subvencións de Galicia; Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003 xeral de subvencións; así como ás bases de execución do orzamento da Mancomunidad de Concellos da Comarca de Ferrol e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, outras normas de aplicación.

As partes manifestan que coñecen, cumpren e se someten de forma expresa á lexislación española en materia de protección de datos de carácter persoal, e que se comprometen a dar un uso debido aos datos de tal natureza que obteñan como consecuencia do desenvolvemento do presente convenio. Para iso, ambas as dúas partes consenten que os datos persoais do presente convenio poidan incorporarse a ficheiros de titularidade de cada unha delas coa única finalidade de proceder á súa xestión axeitada. O exercicio dos dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderase levar a cabo nos termos legais mediante comunicación á respectiva entidade ao seu domicilio social.

Lido o presente documento e, en proba de conformidade, as partes asinan por triplicado na data e lugar indicados no encabezamento.

Ferrol, na data da sinatura electrónica,

O presidente da Mancomunidad,
José Manuel Rey Varela

A presidenta de ASFEDRO,
Rosario Alabau Albors

Ante min, o secretario da Mancomunidad,
Jorge Eduardo Rodríguez Fernández